


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

4-5 de novembro do 2023

XXXI ORDINARIO A



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **Amigos nas penas e na festa amigos**

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Unha vez máis, todos estamos invitados por Deus para facer evanxeo, un evanxeo que non podemos calar, un evanxeo que nos convida a acoller, a compartir, a facer en irmandade.

Hoxe Xesús vainos aconsellar con palabras como “facede o que din, pero non imitedes o que fan”
“o que fan é para que os vexan”
“buscan os primeiros postos ... e que lles fagan reverencias”
“o máis importante entre vós debe ser o máis servicial”.

Estas palabras de Xesús estannos dicindo que a súa vida é para nós un bo exemplo, e vale a pena escoitar a quen fala así de irmáns e de irmandade. A coherencia ten que ser a base fundamental da nosa vida cristiá. A paz ten que ser en nós un camiño crible.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Xesús que non se paraba nas aparencias, condenábaas. El demostrounos coa súa vida que vale a pena compartir con todas as persoas de ben, persoas que acollen e teñen tempo para Deus, para a natureza e para dos demais, persoas que son coherentes.*

Nós, agora, pedimos perdón, e comprometémonos porque queremos facelo mellor.

Monitor/a

➤ **Comprometémonos a vivir sendo coherentes nas palabras e nos feitos que fan evanxeo sabendo que todos somos iguais?.**

SI, COMPROMETÉMONOS

➤ **Comprometémonos a vivir colaborando con todos os nosos veciños e veciñas que se esforzan con feitos por ser unha parroquia mellor?.**

SI, COMPROMETÉMONOS

➤ **Comprometémonos a vivir no respecto ás persoas, lonxe dos abusos, na coherencia e transparencia do que se di e se fai?.**

SI, COMPROMETÉMONOS

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen lugar no noso corazón, e dos que se senten asoballados polos demais. A todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Hoxe segue a ser un rebulir doído polas apariencias e hipocresías que hai detrás de moita xente, cando o que tiña que haber era coherencia no camiño da paz.*

(silenzio)

Deus, Noso Pai, cheo de tenrura para todos, unicamente coa túa axuda podemos os teus fillos acollerte, servirte e louvarte dignamente.

Fai que camiñemos sen tropezos cara os bens prometidos, facendo realidade a irmandade á que Xesús nos convida. Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, Noso Señor. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Na carta que agora imos escoitar o apóstolo Paulo séntese agradecido e orgulloso de como aqueles veciños están facendo cribles os camiños da fe.*

No evanxeo Xesús dóese das apariencias e das hipocresías coas que algúns dos seus veciños se permiten vivir. El propón ser coherentes facendo da vida “irmandade”.

Leccionario I A páx 275 1 Tes 2, 7-9.13 LECTURA
**LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO
AOS TESALONICENSES**

Irmáns e irmás:

Fixémonos tenros no medio de vós, coma unha nai que agarima os seus fillos. Polo cariño que vos tiñamos estabamos dispostos a entregarnos non só o Evanxeo de Deus, senón a nosa propia vida: tanto vos fixestes querer. Acordaravos, irmáns, o noso esforzo e fatiga: traballando noite e día, por non sermos unha carga para ningún de vós. Así foi como vos predicamos o Evanxeo de Deus.

É tamén por isto polo que lle damos decote grazas a Deus: porque, ao recibirdes de nós a palabra de Deus, acolléstela non coma palabra de homes senón coma o que verdadeiramente é: coma palabra de Deus, que actúa en vós, os crentes.

Palabra do Señor

🎵 **Na tardiña baixa da vida**



5

SALMO

(en pé) Leccionario I A páx 276 Mt 23, 1-12 EVANXEO
**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO
SEGUNDO MATEO**

Daquela dixo Xesús:

- Na cátedra de Moisés sentaron os letrados e mailos fariseos. Facede, logo, e cumpride canto vos digan, pero non imitedes a súa conducta porque falan pero non cumpren. Atan fardos pesados e cánganos no lombo dos outros, pero eles nin un dedo poñen para os mover. Todo o que fan é para que os vexan: visten aparatosamente, ancheando as filacterias e as franxas dos seus mantos; buscan os primeiros postos nos banquetes e os primeiros asentos nas sinagogas; que lles fagan reverencias nos rúes e que os chamen "mestre".


Pero vós non vos fagades chamar "señor mestre", pois un só é o voso Mestre, e todos vós sodes irmáns. Nin tampouco vos fagades chamar "dirixentes", porque un só é o voso dirixente: Cristo. O máis importante entre vós debe ser o voso servidor. Porque quen se enaltece será rebaixado, e quen se rebaixa será enaltecido.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



6



Unhas palabras a xeito de homilía para pensar en silencio

Tamén hoxe Xesús ten algo que dicirnos:

- * porque hai demasiadas apariencias, e só nos preocupamos por quedar ben
- * porque competir e estar por enriba dos demais é a mellor maneira para matar a paz
- * porque hoxe por hoxe cada un vai ao seu, e parece que iso é o único que importa.

Tamén hoxe Xesús ten algo ao que convidarnos:

Podemos e debemos facelo mellor no camiño da coherencia e a honestidade con cada rostro ferido, con cada mirada perdida, con cada vida rota en Palestina e Israel

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial queremos ser coherentes co que nos propón Xesús por iso damos resposta da nosa fe dicindo:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Crede en Deus Pai e Nai, que ama a todos sen facer diferenza e que cre na humanidade?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede en Xesús, que nos convida a ser palabras e feitos sen hipocresías, sen intencións retorcidas e que nos convida á irmandade?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede no Espírito de Deus que alenta a colaborar construíndo unha sociedade transparente e honrada que non abusa e que ten que medrar en paz?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede na igrexa, familia dos homes e mulleres que seguindo os pasos de Xesús non podemos calar e dóenos a violencia que se vive en Palestina e Israel, e dóenos os abusos, e dóenos a vida maltratada de tantas persoas?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos confiados e xuntos, a Xesús que nos dá exemplo e nos convida a vivir con sinceridade e coherencia. Dicimos:*

Acolle Señor a nosa oración

Monitor/a:

- ✓ Pedímosche Señor para que todas as organizacións, estean ao servizo da xente e non se aproveiten das pobrezas, das miserias e das inxustizas para medraren. Oremos
- ✓ Pedímosche Señor para que todos os cristiáns fuxamos do aparentar, e sementemos irmandade e paz practicándoa coas persoas que a vida nos vai pondo á nosa beira. Oremos
- ✓ Pedímosche Señor para que o Papa, os bispos, os curas e todas as persoas que animan as comunidades, se solidaricen co pobo, coa comunidade, e aprendan diariamente o sinxelo oficio de servir. Oremos
- ✓ Pedímosche Señor para que todas as persoas que desempeñan cargos públicos non utilicen o seu posto na sociedade para medrar á conta do pobo. Oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque hoxe acolles as nosas preocupacións e desexos axudándonos a ser coherentes. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Ao Deus que confía en nós para construír camiños de paz e que non nos quere calados ante os abusos, rezámoslle dicindo:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante *Con un pequeno xesto de paz non queremos nin aparentar nin quedar ben con quen está á nosa beira. Tampouco o facemos para que os demais miren para nós. As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de ser coherentes nos feitos, por iso con corazón de irmáns dámonos a paz.*

Fagamos a paz irmáns

COMUÑÓN

Celebrante: *A mesa do altar é a mesa de comunidade, é anticipo da mesa do Reino. Celebrar a fe aquí hoxe como parroquia é facelo lonxe de hipocresías e apariencias, porque se non somos coherentes non somos cribles.*

Ditosos nós que hoxe somos convidados a este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **Acharte presente na vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, dámosche as grazas porque hoxe, como parroquia, podemos compartir os froitos da nosa fe.

Fainos medrar na irmandade do evanxeo e que a nosa vida sexa sempre, para Ti, Señor, e para os demais, unha mostra do amor de Xesús, que vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén.

Con Xesús queremos ser coherentes para ter un trato acolledor, xusto e digno cos demais.


Con Xesús queremos fuxir do aparentar e quedar ben, porque a vida non se pode reducir a hipocresías, aínda que hoxe teñamos que recoñecer que moitas veces formamos parte dunha sociedade que é así.

Con Xesús queremos que a nosa comunidade de Os Cotos sexa sempre unha parroquia aberta a todos, e que a todos trata con dignidade e respecto.

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

Podémonos ir en paz



“Facede e cumpride o que vos din, non o que fan”
Palabras e ensinanzas de Xesús no evanxeo de hoxe.